

Fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar [2023/2024]

Publicada a [Orde do 10 de maio de 2023](#) pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2023/24.

Prazo. Do 20 de maio ao 21 de xuño.

Presentación. Hai tres maneiras de presentar a solicitude:

- De xeito manual e presencial (Secretaría do centro).
- Con creación de solicitude na aplicación [Fondolibros](#) e presentación presencial.
- Con creación de solicitude na aplicación e presentación electrónica [[procedemento ED330B](#)].

Documentación necesaria. As persoas interesadas deberán achegar os **Anexos I e II da solicitude**, que poden descargar desde Fondolibros [[descarga dos Anexos I e II](#)]. Tamén poden solicitar unha copia en papel nas oficinas do centro. Os devanditos anexos entregaranse xunto coa documentación que corresponda:

- **Copia do libro de familia ou documento equivalente**, onde figuren o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, deberán achegar, ademais, a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor. Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- **Certificado de discapacidade** do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.
- **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero** no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- **Resolución xudicial de incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais** ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.

O alumnado que non estea admitido nin coñeza en que centro vai estar escolarizado no curso escolar 2023-2024 deberá presentar a solicitude no centro no que está matriculado no curso 2022-2023.